



## **MEMORIA PARA A SUBSCRICIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE DODRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020**

### **ANTECEDENTES**

O 20.12.2018 o Consello da Xunta de Galicia autorizou o modelo tipo de convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O seu obxecto é acordar a participación e colaboración, entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local correspondente, no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos que se inclúen neste convenio.

O convenio financíase con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551-B 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

No ano 2019 a Consellería do Medio Rural e un total de 268 entidades locais de Galicia asinaron o convenio interadministrativo para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.





262 dos devanditos 268 convenios de colaboración foron prorrogados mediante a sinatura da correspondentes addendas en decembro de 2019, cuxo obxecto exclusivo era a ampliación do prazo de vixencia dos convenios ata o 31.12.2020.

Posteriormente, a través do seu escrito de data 14.07.2020, a entidade local de Dodro mostrou o seu interese en subscribir convenios de prevención e defensa contra os incendios forestais para o ano 2020. Coa devandita entidade local non se subscribiu o correspondente convenio no ano 2019 e polo tanto non puido ser obxecto de prórroga no ano 2020.

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBSCRICIÓN DO CONVENIO**

Os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia e require o compromiso de todas as administracións, en particular a autonómica e a local e do conxunto da cidadanía.

A ampliación do número de convenios xa subscritos coa sinatura deste novo convenio coa entidade local de Dodro para o ano 2020 contribuirá a seguir minorando e a evitar as consecuencias económicas e ambientais dos incendios forestais; con accións encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da ocorrencia de incendios forestais e da súa propagación así como a reducir as superficies queimadas polo lume, defender as masas arboradas e os espazos naturais protexidos e mesmo ás persoas e os bens de natureza non forestal.





## ACHEGA ECONÓMICA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS NA ANUALIDADE DE 2020

A Consellería do Medio Rural achegará para as actuacións deste novo convenio un importe total de **29.786,62 €**, que será financiado con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551-B.760.0.

No anexo I que acompaña esta memoria descríbense os importes referidos a cada tipo de actuación e a súa financiación.

O importe desagregado segundo natureza dos fondos e código de proxecto en dita aplicación orzamentaria será o seguinte:

Cód. proxecto 2016 00212 (FEADER): 13.852,00 €

Cód. proxecto 2011 00771 (Fondos propios da CA): 15.934,62 €

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Defensa do Monte

Tomás Fernández-Couto Juanas





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola de  
Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural

## ANEXO I

### Solicitud 2020

Concello	NIF	Nº de Brigadas	Nº de compoñentes	Orzamento (€) extinción e defensa brigadas Cód. Proxecto: 2011 00771	Orzamento (€) prevención brigadas Cód. Proxecto: 2016 00212	Nº de vehículos motobomba	Nº meses operatividade vehículos motobomba	Orzamento (€) extinción e defensa vehículos motobomba Cód. Proxecto: 2011 00771	Nº de ha tratamentos preventivos mecanizados	Orzamento (€) tratamentos preventivos mecanizados Cód. Proxecto: 2016 00212	Orzamento (€) Cód. Proxecto: 2011 00771	Orzamento (€) Cód. Proxecto: 2016 00212	Orzamento Total (€)
DODRO	P1503300D	1	5	15.934,62	11.250,00	0,00	0,00	0,00	20,00	2.602,00 €	15.934,62	13.852,00	29.786,62

